

Teatro

Círculo vicioso

Gustavo PERNAS CORA

UN

Entre lusco e fusco. Tres corredores solitarios no paseo, dous homes e unha muller... Un dos homes, H., intenta alcanzar a muller que corre diante del.

H.- Por que corre tan rápido?

M.- Para adestrar.

H.- É deportista?

M.- Non.

H.- Daquela, para que adestra?

M.- Para fuxir.

H.- De quen?

M.- Do meu home.

H.- Perséguea?

M.- Non.

H.- Mancouna?

M.- Non. Querémonos. Pero quero estar preparada.

Silencio.

H.- Preparada?

M.- Teño medo de que suceda.

H.- Pero que lle pode suceder?

M.- Xa sabe. A vella historia dun home correndo detrás da súa muller.

H.- Para que?

M.- Para berrarme, esixirme, suplicarme, maltratarme ou... matarme.

H.- Por que había de matala?

M.- Porque pasan os anos e nunca estou cando el regresa do traballo.

H.- Onde está?

M.- Correndo.

Silencio.

H.- Pois sería mellor que deixase de correr.

M.- Non podo.

H.- Por que?

M.- Porque quero estar en forma.

H.- Estar en forma?

M.- Para que me desexe todas as noites, cando el volve do traballo. Para que os seus brazos poidan rodear o meu corpo como a primeira vez.

H. fica quieto un instante. A muller segue a correr.

DOUS

O segundo home adianta agora a H. que bota a correr detrás del... Logo alcánzaos... Corren xuntos.

H.- Por que corre vostede?

H2.- Para estar á altura das circunstancias, xa sabe.

H.- As circunstancias?

Silencio.

H2.- Ela tamén corre.

H.- Xa.

Silencio.

H.- E por que non corren xuntos?

H2.- Porque pensaría que a vixío, que a controlo...

H.- Ou que a persegue.

H2.- Eu?

H.- Se corre detrás...

H2.- Detrás? Eu nunca correría detrás dela... Nunca.

H.- E diante?

H2.- Xamais. Pensaría que intento escapar.

H.- Comprendo.

H2.- Eu quero a miña muller.

H.- Claro, se realmente se queren...

H2.- Canto pensa que duraríamos?

H.- Non sei.

H2.- A rutina de chegar cansos ao fogar, un día e outro, e outro tamén...

H.- Pásalle iso?

H2.- Non, porque eu nunca estou cando ela volve do traballo, polas noites...

Silencio.

H2.- É preciso previr.

H.- Previr?

H2.- E se un día non desexa o meu corpo?

H.- Quen sabe!

H2.- Non podo baixar a garda. Teño que correr.

Silencio.

H.- Amores fuxidíos!

H2.- Sempre!

H.- Si. Sempre.

Silencio.

H.- Como unha carreira de quendas.

H2.- Vaites! Non o pensara nunca.

H.- O amor pasa veloz, sen decatarte... Escapa diante dos teus ollos.

Silencio.

H2.- De quendas... dixo?

H.- Quen sabe! Se nunca están xuntos... talvez aparezan outros homes.

H2.- Outros homes?

H.- ...E outras mulleres...

H2.- Daquela eu quedaría atrás.

H.- Quedaría no pasado.

O home2 bota a correr máis rápido. Adianta tamén á muller. Deseguido H. volve quedar á altura dela.

M.- Por que corre tan rápido ese home?

H.- Porque ten medo.

M.- De que?

Silencio.

H.- De perder a súa muller.

Corren separados.

TRES

A muller e o home2 coinciden agora ao paso do primeiro.

M.- E vostede...

H2.- ... Por que corre?

Silencio.

H.- Por prescripción facultativa.

M.- Está enfermo?

H.- Xa saben, “mens sana in corpore sano”.

H2.- Algún problema?

H.- O médico recomendoume que correse para distraerme.

M.- Estrés?

H.- Quizais. Díxome que se corría acabaría por esquecer.

H2.- Unha desgraza?

H.- Seguro.

M.- Morreulle alguén?

H.- En certa forma...

H2.- A súa muller?

H.- Xa me gustaría...

M.- Tan mal se levan?

H.- Non, non, eu non quero que morra ninguén. Digo que xa me gustaría saber algo dela.

H2.- Abandonouno?

H.- É probable.

M.- Ou foi vostede...?

H.- Exacto.

Silencio. H2 e M. miran desconcertados a H.

M e H2.- Que?

H.- Tiña razón.

M. e H2.- Quen?

H.- O médico. Funcionou, ven?... Esquecino.

M.- Non a lembra?

H.- Non.

H2.- Non recorda nada?

H.- Vivo de paso. Nun hotel.

Silencio.

H.- Pesa moito, saben? O olvido. Agora debería correr ao contrario...

M.- Ao contrario?

H.- Para sacarme ese peso de enriba... Por ver se me volve algo, un aroma, unha imaxe... Que sei eu, o son dunhas risas que apaguen a desgraza de non saber.

M.- Se cadra ela agarda que volva á casa.

H.- Si. Á nosa casa.

H2.- Ou encontrou a outro.

Silencio.

H.- Si. Talvez lle fixen dano algunha vez.

Silencio.

M.- Que faría se a reconecese?

Silencio.

H2.- As veces é inalcanzable...

Silencio.

H2.- O amor, digo.

Detéñense os tres. Dubidan. Collen aire... E corren en distintas direccións.

ESCURO